

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS
CENTRO: C.E.I.P. SANTO ANDRÉ DE XEVE

ÍNDICE XERAL:

1. Curso: 4º – 5º – 6º Educación Infantil
2. Curso: 1º Educación Primaria
3. Curso: 2º Educación Primaria
4. Curso: 3º Educación Primaria
5. Curso: 4º Educación Primaria
6. Curso: 5º Educación Primaria
7. Curso: 6º Educación Primaria

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SANTO ANDRÉ DE XEVE

CURSO: **EDUCACIÓN INFANTIL**

MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA- INGLÉS

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. Información e publicidade.

1- Criterios de avaliación, competencias e indicadores de avaliación (XADE) imprescindibles.

CURSO	EDUCACIÓN INFANTIL		
NIVEL	4º INFANTIL	ÁREA	Primeira Lingua Estranxeira (PLE)

Criterio de avaliación	Indicadores	T 1	T 2	Competencias Clave
PLE-LCR.1	4º-PLE.1.1 - Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.1	4º-PLE.1.2 - Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.3	4º-PLE.3.1 - Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.	X	X	CCL, CM, CSC, CCEC, CAA
PLE-LCR.3	4º-PLE.3.2 - Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC, CAA
PLE-LCR.3	4º-PLE.3.4 - Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.	X	X	CCL, CSC, CAA
PLE-LCR.9	4º-PLE.9.1 - Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.	X	X	CCL, CSC

NIVEL	5º INFANTIL	ÁREA	Primeira Lingua Estranxeira (PLE)
--------------	-------------	-------------	-----------------------------------

Criterio de avaliación	Indicadores	T 1	T 2	Competencias Clave
PLE-LCR.1	5º-PLE.1.1 - Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.	X	X	CCL
PLE-LCR.1	5º-PLE.1.2 - Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.1	5º-PLE.1.3 - Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.2	5º-PLE.2.1 - Emprega expresións convencionais de cortesía de agradecemento na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.3	5º-PLE.3.1 - Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.	X	X	CCL, CMCT, CSC, CCEC, CAA

PLE-LCR.3	5º-PLE.3.2 - Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC, CAA
PLE-LCR.3	5º-PLE.3.4 - Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.	X	X	CCL, CSC, CAA
PLE-LCR.9	5º-PLE.9.1 - Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.9	5º-PLE.9.2 - Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.	X	X	CCL, CAA

NIVEL	6º INFANTIL	ÁREA	Primeira Lingua Estranxeira (PLE)
--------------	-------------	-------------	-----------------------------------

Criterio de avaliación	Indicadores	T 1	T 2	C.C.
PLE-LCR.1	6º-PLE.1.1 - Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.	X	X	CCL
PLE-LCR.1	6º-PLE.1.2 - Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.1	6º-PLE.1.3 - Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.2	6º-PLE.2.1 - Emprega expresións convencionais de cortesía de agradecemento na lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.3	6º-PLE.3.1 - Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.	X	X	CCL, CMCT, CSC, CCEC, CAA
PLE-LCR.3	6º-PLE.3.2 - Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.	X	X	CCL, CSC, CAA
PLE-LCR.3	6º-PLE.3.3 - Amosa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.3	6º-PLE.3.4 - Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.	X	X	CCL, CSC, CAA
PLE-LCR.9	6º-PLE.9.1 - Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.	X	X	CCL, CSC
PLE-LCR.9	6º-PLE.9.2 - Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.	X	X	CCL, CAA

2- Avaliación e cualificación.

- **Procedementos.**

En Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo e será global, continua e formativa. A avaliación baséase na observación directa. Nestas circunstancias de traballo non presencial este procedemento queda modificado. Polo tanto, manteremos coordinación periódica entre o profesorado que imparte docencia na etapa e se establecerá comunicación coas familias do alumnado, como partícipes directos do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos

e fillas, a través das diversas canles postas á súa disposición (tookapp, correo electrónico, comunicación telefónica) co obxectivo de animalos a participar dende as súas casas, premiando con eloxios e valorando o esforzo familiar que realizan.

Os criterios de avaliación da etapa flexibilizaranse e terásese en conta o desenvolvemento evolutivo do alumno/a e á consecución dos obxectivos de etapa, para, en especial no último curso, adaptar a súa actividade ao inicio do curso 2020/21 nas ensinanzas de Educación Primaria.

- **Instrumentos.**

As principais fontes de información para levar a cabo o proceso de avaliación serán a observación e a análise das producións realizadas na casa dos/as nenos/as, a participación do alumnado nas tarefas propostas e, se é o caso, as entrevistas coas familias.

- **Cualificación.**

A cualificación final do curso realizarase tendo en conta os progresos acadados no primeiro e segundo trimestre, xunto coa valoración positiva das aportacións, participación e logros acadados ao longo do terceiro trimestre.

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

- **Actividades.**

Enviamos unha tarefa semanal con actividades de repaso e reforzo, seguindo as pautas do proxecto globalizado que elaboren a Profesoras-titoras e tendo moi en conta as circunstancias familiares e as dificultades tecnolóxicas que poidan ter nas casas.

As actividades están preparadas para desenvolver as dúas destrezas máis traballadas nos 2 primeiros trimestres (comprensión e expresión oral): rutinas, linguaxe de aula, linguaxe oral por medio de cancións e *rhymes*, práctica de vocabulario por medio de videos, cancións, xogos, actividades de *TPR* para traballar a conciencia de corpo, ... No derradeiro curso da etapa facemos práctica da *literacy* (lectoescritura) con videos con subtítulos, imaxes e palabras, xogos, pequenas fichas de traballo,...

- **Metodoloxía.**

A metodoloxía atenderá ao principio de globalización e significatividade, partindo dos intereses do alumnado e baixo a proposta de actividades lúdicas, activas e motivadoras.

O sistema de comunicación que se establece coas familias é o tookapp e un correo electrónico que se pon á súa disposición para contactar co profesorado, resolver dúbidas que van xurdindo sobre as tarefas, atender as necesidades que manifestan as familias e recibir retroalimentación das actividades propostas (a través de vídeos, fotografías, debuxos, etc.) Asemade, estamos en contacto coas titoras, que son o eixo principal de comunicación.

As titoras imprimen flexibilidade ás propostas marcada pola necesidade de favorecer a conciliación familiar e escolar tendo en conta a desescalada, a cal conleva a incorporación das familias aos seus traballos. As tarefas de inglés seguen o ritmo que elas marquen.

- **Materiais e recursos.**

- **Recursos Materiais:**

- Documentos facilitados ás familias con enlaces e propostas de actividades relacionadas coas distintas áreas do currículo para que o alumnado as realice no seu fogar, nos que colaboramos dende esta materia coas aportacións descritas arriba.

- **Recursos Audiovisuais:**

- Aplicación Tookapp School para o envío de informacións xerais e para o envío de tarefas.

- Correo electrónico andrexeve@gmail.com para comunicación e envío de tarefas por parte das familias. Neste correo tamén recibimos traballos reenviados polas titoras.

- Páxina web do centro como medio para publicar algunhas das actividades realizadas. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/>

4- Información e publicidade.

- **Información ao alumnado e familias.**

A comunicación co alumnado e as familias manteráse mediante a aplicación Tookapp School, o correo electrónico creado para tal fin (andrexeve@gmail.com) e a comunicación telefónica. O obxectivo non é so o de intercambio de tarefas, senón tamén desenvolver a acción docente acompañando e facilitando o proceso de aprendizaxe e brindarlle apoio emocional.

- **Publicidade.**

Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/>



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SANTO ANDRÉ DE XEVE
CURSO: 1º
MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	C.C.
Bloque 1: Comprensión de textos orais						
PLE-B1.1	1º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. Peso: 5%	Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL
PLE-B1.2	1º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. Peso: 6%	Comprende vocabulario elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Rúbrica. Proba obxectiva.	CCL
PLE-B1.3	1º-PLEB1.3 - Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. Peso: 6%	Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...)	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Asamblea. Proba obxectiva.	CCL CAA

PLE-B1.4	1º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis). Peso: 6%	Sigue instrucións e comprende peticións relativas ás rutinas da vida escolar máis básica.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL
Bloque 2: Producións de textos orais						
PLE-B2.1	1º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles. Peso: 4%	Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Rúbrica. Proba obxectiva.	CCL
PLE-B2.2	1º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta Peso: 3%	Amosa unha actitude de escoita atenta.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC
PLE-B2.3	1º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. Peso: 4%	Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (1 canción e/ou rima, ... por trimestre) aprendidos a través de xogos.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC
Bloque 3: Comprensión de textos escritos						

PLE-B3.1	1º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. Peso: 4%	Comprende palabras e frases moi elementais, relacionadas cos temas traballados.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Rúbrica. Proba obxectiva.	CCL
PLE-B3.2	1º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. Peso: 3%	Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual .	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica	CCL
PLE-B3.3	1º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran. Peso: 3%	Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CAA
PLE-B3.4	1º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente Peso: 3%	Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CAA
Bloque 4: Producción de textos escritos						
PLE-B4.1	1º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa	Escribe palabras relacionadas cos temas traballados.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.	CCL

	súa imaxe e a súa vida cotiá. Peso: 3%				INSTRUMENTOS: Rúbrica. Proba obxectiva.	
PLE-B4.3	1º-PLEB4.4 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. Peso: 3%	Revisa os escritos antes de facer a súa versión definitiva.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CAA
Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural						
PLE-B5.1	1º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. Peso: 3%	Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC
PLE-B5.2	1º-PLEB5.2 - Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. Peso: 3%	Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social: saúdos, despedidas, grazas, disculpas, ...	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC CCL
PLE-B5.3	1º-PLEB5.3 - Participa	Participa voluntariamente nas	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL

	voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala. Peso: 3%	actividades de aula.			INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSIEE
PLE-B5.4	1º-PLEB5.4 - Diferencia saúdos de despedidas e usa fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me) Peso: 4%		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC
PLE-B5.6	1º-PLEB5.6 - Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad) Peso: 3%	Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad)	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCL
PLE-B5.9	1º-PLEB5.9 - Diferencia preguntas e respostas moi simples. Peso: 3%		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL
PLE-B5.10	1º-PLEB5.10 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. Peso: 3%	Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL

PLE-B5.11	1º-PLEB5.11 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. Peso: 3%		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC
PLE-B5.12	1º-PLEB5.12 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. Peso: 4%	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Rúbrica. Proba obxectiva.	CCL CSC

2- Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación é global, continua e formativa. Baséase na observación directa. Nestas circunstancias de traballo non presencial este procedemento queda modificado. Polo tanto, manteremos coordinación periódica entre o profesorado que imparte docencia no curso co obxectivo de establecer e/ou facilitar as canles de comunicación e animar a participar dende as súas casas, premiando con eloxios, estímulo e valorando o esforzo familiar que realizan.</p>
-------------------	---

	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e Producción oral - 50% - Comprensión e Producción escrita - 20% - Probas específicas - 20% - Actitude e participación - 10% <p>Instrumentos:</p> <p>As principais fontes de información para levar a cabo o proceso de avaliación serán a observación e a análise das producións realizadas na casa dos/as nenos/as, a participación do alumnado nas tarefas propostas e, se é o caso, as entrevistas coas familias. Para isto, terás moi en conta as dificultades tecnolóxicas que supoñen un atranco para moitos alumn@s.</p>
Cualificación final	A cualificación final do curso realizarase tendo en conta os progresos acadados no primeiro e segundo trimestre, xunto coa valoración positiva das aportacións, participación e logros acadados ao longo do terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	Neste curso non hai alumnado con materia pendente.

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Enviamos unha tarefa semanal con actividades de repaso e reforzo, seguindo as pautas do proxecto integrado que elabora a Profesora-titora cun enfoque intercurricular . - As actividades están preparadas para desenvolver as dúas destrezas máis traballadas nos 2 primeiros
--------------------	--

	<p>trimestres (comprensión e expresión oral): rutinas, linguaxe de aula, linguaxe oral por medio de cancións e <i>rhymes</i>, práctica de vocabulario por medio de videos, cancións, xogos, actividades de <i>TPR</i> para traballar a conciencia de corpo. A comprensión e produción escrita se traballan con videos con subtítulos en inglés, imaxes e palabras, xogos de palabras, pequenas fichas de traballo,...</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A metodoloxía atenderá ao principio de globalización e significatividade, partindo dos intereses do alumnado e baixo a proposta de actividades lúdicas, activas e motivadoras. - O sistema de comunicación que se establece coas familias é o tokapp e un correo electrónico que se pon á súa disposición para contactar co profesorado, resolver dúbidas que van xurdindo sobre as tarefas, atender as necesidades que manifestan as familias e recibir retroalimentación das actividades propostas. Asemade, estamos en contacto coa titora, como eixo desta comunicación. - A titora imprime flexibilidade ás propostas obrigada pola necesidade de favorecer a conciliación familiar e escolar tendo en conta a desescalada, a cal conleva a incorporación das familias aos seus traballos. As tarefas de inglés seguen o ritmo que ela marque e temos moi en conta as dificultades tecnolóxicas que poidan ter nas casas.
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos Materiais: <p>Documentos facilitados ás familias con enlaces e propostas de actividades relacionadas cos distintos temas dos proxectos integrados, nos que colaboramos dende esta materia coas aportacións descritas arriba:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Actividades de creación propia. – Recursos interactivos como audios, videos, cancións,... – Actividades, textos, materiais de diversa tipoloxía obtidos de páxinas web, plataformas educativas e plataformas de recursos para o ensino da lingua inglesa (British Council, iSLCOLLECTIVE, ...) e editoriais. <ul style="list-style-type: none"> • Recursos Audiovisuais: <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación Tookapp School para o envío de informacións xerais e para o envío de tarefas, se é o caso. - Correo electrónico andrexeve@gmail.com para comunicación, envío de tarefas por parte das familias e reenvío

	<p>de eloxios e estímulos pola tarefa feita e correccións, se é o caso, pola nosa parte.</p> <p>- Páxina web do centro como medio para publicar algunhas das actividades realizadas. https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/</p>
--	---

4- Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación co alumnado e as familias manteráse mediante a aplicación Tokapp School, o correo electrónico creado para tal fin (andredexeve@gmail.com) e a comunicación telefónica. O obxectivo non é so o de intercambio de tarefas , senón tamén desenvolver a acción docente acompañando e facilitando o proceso de aprendizaxe e brindarlle apoio emocional.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SANTO ANDRÉ DE XEVE
CURSO: 2º
MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS

ÍNDICE

- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterio de avaliación	Estándares	T 1	T 2	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	C.C.
Bloque 1: Comprensión de textos orais					
PLE-B1.1	2º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. Peso: 5%	X	X	PROCEDEMENTO 1: - Observación e o seguimento sistemático do traballo diario en aula.	CCL
PLE-B1.2	2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. Peso: 6%	X	X	- <i>Rúbrica de Avaliación de contidos</i> que nos permite avaliar o nivel que adquiriu o alumno por medio dunha táboa cos distintos niveis de adquisición para cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico, así como os instrumentos utilizados para a medición dos mesmos.	CCL
PLE-B1.3	2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. Peso: 6%	X	X	PROCEDEMENTO 2: Probas específicas: • Unit tests	CCL CAA
PLE-B1.4	2º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down). Peso: 6%	X	X		CCL
PLE-B2.1	2º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia	X	X		CCL

	e entoación comprensibles. Peso: 4%				
PLE-B2.3	2º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta Peso: 3%	X	X		CSC
PLE-B2.3	2º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. Peso: 3%	X	X		CLC
PLE-B2.3	2º-PLEB2.5 - Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Peso: 3%	X	X		CSC
PLE-B3.1	2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. Peso: 4%	X	X		CCL
PLE-B3.2	2º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. Peso: 3%	X	X		CCL
PLE-B3.3	2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran. Peso: 2.05%	X	X		CCL CAA
PLE-B3.4	2º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. Peso: 3%	X	X		CCL CAA

PLE-B4.1	2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. Peso: 2.05%	X	X		CCL
PLE-B4.3	2º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. Peso: 4%	X	X		CCL CAA
PLE-B4.3	2º-PLEB4.5 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. Peso: 2.05%	X	X		CCL
PLE-B5.1	2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. Peso: 2.05%	X	X		CCL CAA CSC
PLE-B5.2	2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social Peso: 2.05%	X	X		CCL CSC
PLE-B5.4	2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, excuse me...) Peso: 2.05%	X	X		CCL CSC
PLE-B5.5	2º-PLEB5.5 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.	X	X		CCL

	Peso: 4%				
PLE-B5.6	2º-PLEB5.6 - Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. Peso: 2.05%	X	X		CCL
PLE-B5.9	2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. Peso: 2.05%	X	X		CCL CSC
PLE-B5.10	2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas Peso: 2.05%	X	X		CCL CSC
PLE-B5.12	2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. Peso: 2.05%	X	X		CCL CSC
PLE-B5.13	2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). Peso: 2.05%	X	X		CCL CAA
PLE-B5.14	2º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral Peso: 4%	X	X		CCL CSC
PLE-B5.15	2º-PLEB5.15 - Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. Peso: 2.05%	X	X		CCL

2- Avaliación e cualificación


Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación é global, continua e formativa. No caso da avaliación formativa, os procedementos serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas <i>producións</i> para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. Nestas circunstancias de traballo non presencial este procedemento queda modificado. Polo tanto, manteremos coordinación periódica entre o profesorado que imparte docencia no curso co obxectivo de establecer e/ou facilitar as canles de comunicación e animar a participar dende as súas casas, premiando con eloxios e valorando o esforzo familiar que realizan.</p> <p>Na avaliación sumativa, serán as probas específicas que avalían as distintas destrezas.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Comprensión e Producción oral - 40%- Comprensión e Producción escrita - 30%- Probas específicas - 20%- Actitude e participación - 10%
	<p>Instrumentos:</p> <p>As principais fontes de información para levar a cabo o proceso de avaliación serán a observación e a análise das producións realizadas na casa dos/as nenos/as, a participación do alumnado nas tarefas propostas e, se é o caso, as entrevistas coas familias. Para isto, teráse moi en conta as dificultades tecnolóxicas que supoñen un atranco para moitos alumn@s.</p>

Cualificación final	A cualificación final do curso realizarase tendo en conta os progresos acadados no primeiro e segundo trimestre, xunto coa valoración positiva das aportacións, participación e logros acadados ao longo do terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	Neste curso non hai alumnado con materia pendente.

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Enviarnos unha tarefa semanal con actividades de repaso e reforzo, cun enfoque intercurricular .</p> <p>As actividades están preparadas para desenvolver as dúas destrezas máis traballadas nos 2 primeiros trimestres (comprensión e expresión oral): rutinas, linguaxe de aula, linguaxe oral por medio de cancións e <i>rhymes</i>, práctica de vocabulario por medio de videos, cancións, xogos, actividades de <i>TPR</i> para traballar a conciencia de corpo. A comprensión e produción escrita se traballan con videos con subtítulos en inglés, imaxes e palabras, vocabulario básico, xogos de palabras, pequenas fichas de traballo que inclúen estruturas sintáctico-discursivas traballadas na clase, ...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - A metodoloxía atenderá ao principio de globalización e significatividade, partindo dos intereses do alumnado e baixo a proposta de actividades lúdicas, activas e motivadoras. - O sistema de comunicación que se establece coas familias é o tokapp e un correo electrónico que se pon á súa disposición para contactar co profesorado, resolver dúbidas que van xurdindo sobre as tarefas, atender as necesidades que manifestan as familias e recibir retroalimentación das actividades propostas. Asemade, estamos en contacto coa titora, para o envío de tarefas. - O noso traballo ten como característica principal a flexibilidade, obrigada pola necesidade de favorecer a conciliación familiar e escolar tendo en conta a desescalada, a cal conleva a incorporación das familias aos seus traballos. Tamén temos moi en conta as dificultades tecnolóxicas que poidan ter nas casas.

<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos Materiais: Documentos facilitados ás familias con enlaces e propostas de actividades descritas arriba: <ul style="list-style-type: none"> – Actividades de creación propia. – Recursos interactivos como audios, videos, cancións,... – Actividades, textos, materiais de diversa tipoloxía obtidos de páxinas web, plataformas educativas e plataformas de recursos para o ensino da lingua inglesa (British Council, iSLCOLLECTIVE, ...) e editoriais. • Recursos Audiovisuais: <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación Tookapp School para o envío de informacións xerais e para o envío de tarefas, se é o caso. - Correo electrónico andrexeve@gmail.com para comunicación, envío de tarefas por parte das familias e reenvío de eloxios e estímulos pola tarefa feita e correccións, se é o caso, pola nosa parte. -Páxina web do centro como medio para publicar algunhas das actividades realizadas.https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/.

<p style="text-align: center;">4- Información e publicidade</p>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>A comunicación co alumnado e as familias manteráse mediante a aplicación Tokapp School, o correo electrónico creado para tal fin (andrexeve@gmail.com) e a comunicación telefónica. O obxectivo non é so o de intercambio de tarefas , senón tamén desenvolver a acción docente acompañando e facilitando o proceso de aprendizaxe e brindarlle apoio emocional.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SANTO ANDRÉ DE XEVE

CURSO: 3º

MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares	T 1	T 2	Competencias Clave	Instrumentos de avaliación
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS				
3º-PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.	X	X	CL	PROCEDEMENTO 1: Observación e seguimento sistemático do traballo mediante os seguintes INSTRUMENTOS: - <i>Teacher Diary</i> . -Táboas de seguimento das producións orais. -Táboa de Control das actividades do caderno e das <i>worksheet</i> . -Rúbrica para os <i>Projects</i> . -Anecdótico de aula
3º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.	X	X	CL	
3º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	X	X	CL AA	
3º-PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	X	X	CL	
3º-PLEB1.5 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	X	X	CL	
3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.	X	X	CL SC	
PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS				
3º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.	X	X	CL SIEE	PROCEDEMENTO 2: Probas específicas: <ul style="list-style-type: none"> • Unit tests (Standard (para os mínimos), Challenge (para a consecución máis completa dos EA)) • End-of-year test (Standard – Challenge) • Self evaluation de cada unidade.
3º-PLEB2.3 - Aмоса unha actitude de escoita atenta.	X	X	CL	
3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	X	X	CL SC	
3º-PLEB2.5 - Aмоса interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.	X	X	CL SC	
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	X	X	CL	

3º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.	X	X	CL
3º-PLEB3.3 - Aмоса interese pola lectura nunha lingua estranxeira.	X	X	CL AA
3º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.	X	X	CL AA
3º-PLEB3.6 - Aмоса interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	X	X	CL AA
PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS			
3º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	X	X	CL
3º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.	X	X	CL
3º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar	X	X	CL
3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.	X	X	CL AA
3º-PLEB4.8 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	X	X	CL CS
COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL			
3º -PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.	X	X	CL
3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).	X	X	CL SC
3º-PLEB5.3 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.	X	X	CL
3º-PLEB5.4 - Expressa e identifica a localización básica de obxectos.		X	CL
3º-PLEB5.6 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	X	X	CL
3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples.	X	X	CL
3º-PLEB5.8 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo,	X	X	CL

desenvolverse nas interaccións mais habituais.			
3º-PLEB5.9 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.	X	X	CL SIEE
3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.	X	X	CL
3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.	X	X	CL CS
3º-PLEB5.14 - Aмоса interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas	X	X	CL CS

2- Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Levarase a cabo unha avaliación inicial de cada neno/a ó inicio do curso para partir dos coñecementos previos e constatar o ritmo e o desenvolvemento individual. Farase tamén unha avaliación formativa e continua baseada na observación sistemática e individualizada e en probos específicos, para valorar os progresos e as dificultades de cada neno/a e propoñer actividades de reforzo ou ampliación adecuadas.. Farase unha avaliación final, para a cal se terán en conta todos os aspectos reflectidos na inicial e continua así como a valoración do proceso e evolución durante o proceso, a través de distintos instrumentos.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Probas específicas - 40% • Seguimento do traballo diario - 30% • Producións orais - 20% • Actitude e participación - 10%
-------------------	---

	<p>Instrumentos:</p> <p>Ver arriba (punto 1).</p> <p>No 3º trimestre imos empregar:</p> <p>-<i>Teacher Diary</i>: seguimento do alumnado que recolle a entrega das tarefas plantexadas, a súa corrección, puntualidade, implicación e esforzo .</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>Para a cualificación final se terán en conta todos os aspectos das avaliacións do primeiro e segundo trimestres, así como a valoración do traballo realizado no 3º trimestre na etapa de ensino-aprendizaxe non presencial. Esta valoración considerarase para mellorar ou manter dita nota final, nunca para baixala.</p>
<p>Alumnado de materia pendiente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificar informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese. • Recoñecer o léxico e as estruturas sintáctico-discursivas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas coa súa contorna máis cotiá. • Participar en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles e practicadas en clase. • Amosar unha actitude de escoita atenta. • Amosar interese polas achegas dos seus compañeiros/as. • Comprender frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. • Ler textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante. • Escribir frases sinxelas referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos. • Usa técnicas de estudo e amosa hábitos de traballo persoal. • Presentar os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.

Criterios de cualificación:

A materia pendiente quedará superada se o alumn@ aproba a materia ao longo do seguinte curso.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTO 1: Observación sistemática

INSTRUMENTOS:

- Control das actividades do *folder*.
- Control dos exercicios do *Activity Book*, reducidos en número e/ou dificultade.
- *Picture dictionary*
- *Pair work*
- Participación na clase

PROCEDEMENTO 2: Probas específicas

INSTRUMENTOS: *Tests*

- Das 4 destrezas que avaliamos,daremos máis peso as de comprensión oral- LISTENING, comprensión escrita-READING e comunicación -SPEAKING. As actividades de WRITING serán adaptadas ou reducidas.
- Aumentamos o tempo para a súa realización.
- Apoiamos e orientamos na realización das probas durante o *test*.

No 3º trimestre:

- *Teacher Diary*.

3- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Desenvolvemos as catro destrezas en cada unha das tarefas semanais que se lle propoñen.</p> <ul style="list-style-type: none">- Comprensión de textos orais (a través de audios, videos) con cancións, temas intercurriculares, tutoriais,...- Producción de textos orais, mediante a proposta de lecturas, cancións para que o alumno realice gravacións de audio.- Comprensión de textos escritos de diferente tipoloxía (textos informativos, descrições, cartas, etc.) e posterior realización de actividades relacionadas con estes co obxectivo de comprobar o grado de comprensión. A temática dos textos busca ser motivadora e relacionada cos seus gustos ou ben estar relacionada con contidos de outras materias co obxectivo de que as tarefas sexan globalizadas e intercurriculares.- Producción de frases/ textos escritos a partir dun modelo dado.- Práctica de estruturas sintáctico-discursivas xa traballadas en clase.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">- A metodoloxía atenderá ao principio de globalización e significatividade, partindo dos intereses do alumnado e baixo a proposta de actividades lúdicas, activas e motivadoras.- O sistema de comunicación que se establece coas familias é o tokapp e un correo electrónico que se pon á súa disposición para contactar co profesorado, resolver dúbidas que van xurdindo sobre as tarefas, atender as necesidades que manifestan as familias e recibir retroalimentación das actividades propostas.- Asemade, estamos en contacto coa titora, para o envío de tarefas.- O noso traballo ten como característica principal a flexibilidade, obrigada pola necesidade de favorecer a conciliación familiar e escolar tendo en conta a desescalada, a cal conleva a incorporación das familias aos seus traballos. Tamén temos moi en conta as dificultades tecnolóxicas que poidan ter nas casas.- Co alumnado sen conectividade empregamos o sistema de axuda da Cruz Vermella, que reparte o material xenerado nos colexios polas casas destes nen@s.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• Recursos Materiais: Documentos facilitados ás familias con enlaces e propostas de actividades descritas arriba:

